


AVISO FITOSANITARIO

Crisomélidos defoliadores do Xénero *Salix sp.*



Comézanse a ver, nos salgueiros dalgunhas zonas de Galicia, os característicos danos causados polos escaravellos crisomélidos, principalmente na autovía A6 na zona de Baamonde e Vilalba.

Tanto as larvas como os adultos de estes escaravellos aliméntanse das follas dos salgueiros deixando só as nervacións de estas. De tal maneira que as árbores que sofren o ataque de este defoliador adquiren a mediados do verán unha coloración cobriza consecuencia do secado das estruturas foliares non consumidas.

O inverno pásano na fase adulta en refuxios onde se protexen do frío, agrupándose posteriormente na parte baixa dos troncos coa chegada da primavera, onde esperan a que se formen as primeiras follas para comezar a alimentarse e realizar a posta. No mes de Abril, os adultos saen dos seus refuxios, suben as árbores e comezan a alimentarse do parénquima das follas. Logo dun tempo aparéanse, e no mes de Xuño as larvas, que nun primeiro momento son negruzcas, aliméntanse agrupadas nas follas, deixando soamente a nervadura das mesmas.

